

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONSORCIO ONCOLÓXICO DE GALICIA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DE EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación deste organismo autónomo, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde; co artigo 48 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, Luis Verde Remeseiro, xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee actuando en representación do Consorcio Oncolóxico de Galicia, cuxos estatutos foron aprobados polo Decreto 141/2008, do 19 de xuño, polo que se constitúe e regula a composición e as funcións do Consorcio Oncolóxico de Galicia.

As partes intervenientes recoñécense, na representación que ostentan, a capacidade legal necesaria para subscribir o presente convenio e para tal efecto

MANIFESTAN

I.- A Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, creou o Servizo Galego de Saúde como un organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de personalidade xurídica propia, que ten como finalidade a xestión dos servizos sanitarios de carácter público dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a coordinación integral de todos os recursos sanitarios e asistenciais.

O artigo 1 do Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, establece que para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, configúrase o Servizo Galego de Saúde como un organismo autónomo de natureza administrativa, adscrito á consellería competente en materia de sanidade, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

Así mesmo, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, sinala que o obxectivo do Servizo Galego de Saúde é a provisión dos servizos e das prestacións de atención sanitaria individual de cobertura pública no ámbito da Comunidade Autónoma, dentro do marco básico de financiamento do Sistema Público de Saúde de Galicia, garantindo os dereitos recoñecidos aos cidadáns.

O Servizo Galego de Saúde exerce o goberno, a dirección e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos, garantindo a provisión dos servizos e prestacións de asistencia sanitaria de cobertura pública; coordina a xestión dos recursos humanos, materiais e financeiros que teña asignados, e exercerá aquelas funcións que lle delegue ou encomende a Consellería de Sanidade.

II.- O Decreto 141/2008, do 19 de xuño, polo que se constitúe e regula a composición e as funcións do Consorcio Oncolóxico de Galicia, o concibe como un instrumento executivo de esforzo combinado entre as entidades que o integran, coa finalidade do aproveitamento eficiente de todos os recursos sanitarios en materia de oncoloxía, de modo que se lles garanta aos cidadáns unha asistencia integral, de calidade e en condicións de igualdade.

O Consorcio Oncolóxico de Galicia está constituído pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, representada pola Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, o Concello da Coruña e a Fundación "Centro Oncolóxico Rexional José Antonio Quiroga e Piñeyro", e adscrito á consellería competente en materia de sanidade.



O Consorcio adopta a forma de entidade de dereito público de natureza institucional e de base asociativa, dotada de personalidade xurídica plena e independente da dos seus membros, con toda a capacidade xurídica e de dereito que se require para a realización das súas finalidades, entre as que se atopa a atención especializada en réxime extrahospitalario e en réxime hospitalario, en materia oncolóxica.

Ditas finalidades poderán levarse a cabo directamente polo Consorcio ou a través de calquera outra forma de xestión directa ou indirecta admitida en dereito, especialmente a través da Fundación Centro Oncolóxico Rexional José Antonio Quiroga Piñeyro, de acordo coa capacidade técnica do mesmo e na forma establecida no correspondente contrato-programa que se estableza.

O obxectivo do Consorcio é principalmente a prestación de asistencia sanitaria especializada en materia oncolóxica ao servizo dos cidadáns, sendo unha das súas finalidades específicas a atención especializada en materia oncolóxica.

Entre os beneficiarios dos servizos de asistencia de medicina nuclear, oncoloxía radioterapéutica e oncoloxía médica, prestados polo Consorcio, están como referencia a poboación protexida polo Servizo Galego de Saúde dentro das Áreas Sanitarias de Coruña e Cee, e Ferrol; de acordo co seguinte cadro:

Áreas Sanitarias	Poboación
A Coruña e Cee	489.375
Ferrol	174.269

No obxectivo das competencias atribuídas polo Estatuto de autonomía de Galicia, a Xunta de Galicia exercerá a tutela da organización e os servizos vinculados e/ou dependentes do Consorcio, para asegurar o cumprimento dos seus fins, e velará pola correcta asignación dos recursos económicos.



III.- O artigo 25.2 dos Estatutos do Consorcio, aprobados polo Decreto 141/2008, do 19 de xuño, prevé, en relación ao seu patrimonio, que *"poderanse adscribir ao consorcio bens e dereitos, sen que isto implique a transmisión do dominio. Os bens e dereitos adscritos figurarán no balance da entidade polo seu valor de cesión e separadamente daqueles que fosen adquiridos ou se adquiran no exercicio da actividade do Consorcio."*

Así mesmo, segundo o número 3 do mesmo precepto estatutario *"o Consorcio non poderá allear nin dar de baixa ningún elemento, ben ou equipamento que figure en réxime de cesión sen obter, previamente, a autorización dos órganos competentes para isto."*

O número 5 do artigo 25 recolle tamén a posibilidade de que as entidades participantes no Consorcio poidan poñer á disposición do mesmo bens patrimoniais para o mellor cumprimento das actividades propias do mesmo, de conformidade co disposto na súa normativa específica e no Regulamento de réxime interior do Consorcio.

Para tal efecto, con data 2 de marzo de 2016, ambas partes subscribiron un convenio de colaboración que tiña por obxecto a posta a disposición do Servizo de Radioterapia do Consorcio, dos equipos, actualizacións e sistemas operativos seguintes:

- Un PET Ingenuity TF 64, da marca PHILIPS IBÉRICA S.A.
- Dous aceleradores, sistemas de información oncolóxica ARIA corporativo, o Sistema de Información oncolóxica ARIA corporativo, o Sistema de Planificación do tratamento Eclipse corporativo, e a actualización do acelerador Clinac DHX do Consorcio, coa marca VARIAN MEDICAL SYSTEMS IBÉRICA S.L.

O dito equipamento correspondía aos Lotes 1 e 3 do contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado, mediante o procedemento de adxudicación de diálogo competitivo (DC-SER1-13-054) licitado co obxecto de dispoñer dunha solución global que cubrise as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe,



intervencionismo, medicina nuclear e radioterapia no Servizo Galego de Saúde.

IV.- O artigo 101 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, regula o réxime xurídico do patrimonio do Servizo Galego de Saúde, recollendo no seu punto 1.b) que *“son bens de dominio público do Servizo Galego de Saúde os afectos á prestación directa de servizos públicos propios do organismo”*, e establecendo no número 5 que poderán cederse os bens mobles propiedade do organismo a terceiros no marco de relacións de colaboración e para fins de interese sanitario.

Pola súa banda, o artigo 11.1 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, determina que a adscrición é un *“acto polo que se atribúe a unha consellería ou entidade pública instrumental o uso, administración, xestión, conservación e colaboración na protección e defensa de bens e dereitos demaniais, sen cambio na titularidade ou cualificación xurídica dos bens e dereitos.”*

Así mesmo, no número 2 do artigo 11 da mesma lei, prevese que *“poderán adscribirse bens e dereitos demaniais ás consellerías e entidades públicas instrumentais cando fosen necesarios para o cumprimento dos fins atribuídos á súa competencia”*

Aínda no caso de que os bens a adscribir fosen considerados patrimoniais e non demaniais, o artigo 18 establece que a adscrición de bens patrimoniais a entidades públicas instrumentais, conleva a afectación do ben, que pasará a integrarse no dominio público.

E por último, no número 2 do artigo 18 da citada lei, prevese que os bens propios dunha entidade pública instrumental (neste caso do Servizo Galego de Saúde) poden ser adscritos ao cumprimento de fins propios doutra (Consortio Oncolóxico).

V.- O Convenio asinado o 2 de marzo de 2016, na súa cláusula de vixencia, establecía que mantería os seus efectos *“ata a finalización dos contratos de adxudicación dos lotes 1 e 3 do expediente DC-SER1-13-054”*.



Dado que o contrato a través do que se produciu a adquisición do equipamento cedido rematará proximamente, e tendo en conta que o Servizo Galego de Saúde ten previsto exercer a opción de compra para adquirir a propiedade do citado equipamento, cómpre formalizar un novo convenio patrimonial de adscrición que dea continuidade e faga posible o mantemento do equipamento no Consorcio Oncolóxico de Galicia, para que continúe prestando a asistencia especializada para o que foi destinado.

Tendo en conta o anterior, as partes acordan a subscrición do presente convenio, que someten ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións para a adscrición, a favor do Servizo de Radioloxía do Consorcio Oncolóxico de Galicia, dos equipos, actualizacións e sistemas operativos que de seguido se citan, procedentes dos lotes 1 e 3 do expediente de contratación DC-SER1-13-054:

- Un PET Ingenuity TF 64, da marca PHILIPS IBERICA S.A.
- Dous aceleradores, sistemas de información oncolóxica ARIA corporativo, o Sistema de Información oncolóxica ARIA corporativo, o Sistema de Planificación do tratamento Eclipse corporativo, e a actualización do acelerador Clinac DHX do Consorcio, coa marca VARIAN MEDICAL SYSTEMS IBÉRICA S.L.

O Servizo Galego de Saúde manterá a titularidade dos activos obxecto de cesión, cos dereitos, obrigas e facultades previstas na normativa patrimonial aplicable.



Segunda.- Obrigas das partes

1.- O Servizo Galego de Saúde pon ao dispor do Consorcio Oncolóxico de Galicia o equipamento citado na cláusula anterior, co fin de que siga a destinarse á atención sanitaria para a que viña sendo utilizado.

Así mesmo, o Servizo Galego de Saúde realizará as funcións de coordinación daquelas actuacións que resulten necesarias para garantir a continuidade asistencial durante a vixencia do presente convenio.

2.- O Consorcio Oncolóxico de Galicia utilizará o equipamento, actualizacións e sistemas operativos para a prestación de asistencia sanitaria de medicina nuclear, oncoloxía radioterapéutica e oncoloxía médica, nos termos establecidos no seu decreto de creación e protocolos asinados, co fin de atender á poboación de referencia protexida polo Servizo Galego de Saúde e asignada ao Consorcio, podendo ser ampliada polo Servizo Galego de Saúde en caso necesario.

3. Como compensación da posta a dispor do equipamento citado na cláusula primeira, o Consorcio Oncolóxico de Galicia compensará ao Servizo Galego de Saúde con 72.291,15 € correspondentes ao ano 2023, que se aboarán nos primeiros 15 días dende a sinatura do convenio e sempre dentro do ano 2023 e de 182.000,00 € durante os anos 2024 e 2027, ambos inclusive, que se aboarán trimestralmente dentro dos 15 primeiros días do trimestre.

Estes importes inclúen o gasto de mantemento previstos, actualizacións e sistemas operativos dos equipos postos ao dispor que asume o Servizo Galego de Saúde, e desagregase do seguinte xeito:

Equipo	Marca	Modelo	Ref. Sergas	Data cesión	2023 Importe€ c/IVE	2024 Importe€ c/IVE	2025 Importe€ c/IVE	2026 Importe€ c/IVE	2027 Importe€ c/IVE
CELERADOR LINEAL	VARIAN	Truebeam	AL-2	1/12/23	27.394,44	275.872,70	275.872,70	275.872,70	275.872,70

ACCELERADOR LINEAL	VARIAN	Unique	AL-3	1/12/23	16.315,85	164.306,95	164.306,95	164.306,95	164.306,95
Sist. Inf. Oncolóxica	VARIAN	Aria/Eclipse	Redplan	1/12/23	14.501,36	146.034,32	146.034,32	146.034,32	146.034,32
TAC	Philips	Ingenuity 64 TF	PET-3	1/11/23	14.079,50	141.786,03	141.786,03	141.786,03	141.786,03
Total					72.291,15 €	728.000 €	728.000 €	728.000 €	728.000 €

Así, as anualidades serán:

Anualidade	Importe
2023	72.291,15 €
2024	728.000 €
2025	728.000 €
2026	728.000 €
2027	728.000 €
TOTAL	2.984.291,15 €

No caso de que algún dos equipos sexa retirado, a compensación modificarase en base aos importes sinalados no cadro anterior.

Estes importes serán aboados na conta corrente ES75 0081 5363 29 0001087413 do Servizo Galego de Saúde.

Terceira.- Financiamento

A posta a disposición do equipamento, actualizacións e sistemas operativos non supón incremento de gasto nin precisa de asignacións orzamentarias específicas para o Servizo Galego de Saúde, nin supón perda ou menoscabo patrimonial, manténdose ditos activos baixo a titularidade do organismo autónomo.



Porén, os gastos de mantemento do equipamento, actualizacións e sistemas operativos obxecto do presente convenio entre os anos 2023 a 2027, aboaranse polo Consorcio Oncolóxico de Galicia na forma e importes indicados na cláusula precedente.

Cuarta.- Competencias

O presente convenio non supón alteración da titularidade dos activos postos a disposición, nin implica modificación das obrigas e facultades inherentes á titularidade dos mesmos.

Quinta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do presente convenio constituirase unha comisión mixta formada por dous representantes designados por cada unha das partes asinantes. Unha das persoas representantes designada polo Servizo Galego de Saúde asumirá a Presidencia da Comisión, e terá voto dirimente.

Á Comisión correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Velar polo adecuado desenvolvemento do acordado.
- b) Resolver as incidencias, dúbidas ou discrepancias que poidan xurdir na súa execución, interpretación ou cumprimento.
- c) Manter unha canle de intercambio de información entre as partes sobre o seguimento do convenio, así como propoñer os cambios ou modificacións oportunos en orde á mellor cobertura das necesidades de asistencia da poboación asignada.
- d) Coordinar as actividades necesarias para a execución do convenio, así como para levar a cabo a súa supervisión, seguimento e control.

A comisión reunirase coa frecuencia que determinen os seus membros e a instancia de calquera das partes, para examinar os resultados e incidencias da colaboración realizada e a



ela poderán ser convocados, con voz pero sen voto, aqueles técnicos que, con carácter asesor, designen as partes.

Os acordos adoptaranse preferentemente por consenso das partes representadas ou, no seu defecto, por maioría simple.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio producirá efectos desde a data da súa sinatura, e manterá a súa vixencia até o 31 de decembro de 2027, podendo prorrogarse por acordo expreso das partes, por anos naturais, tendo en conta os límites temporais previstos no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Sétima.- Modificación e resolución do convenio

1.- As partes poderán modificar o presente convenio por mutuo acordo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, mediante un acordo de modificación que requirirá a sinatura dun novo instrumento xurídico.

2.- Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento, total ou parcial, das súas cláusulas.
- b) A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
- c) O uso do equipamento para finalidades distintas das que constitúen o seu obxecto.
- d) O transcurso do prazo previsto, ou das súas prórrogas.

Oitava.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

O presente convenio ten natureza administrativa patrimonial e rexerase polo previsto nas súas cláusulas, pola lexislación aplicable nesta materia, contida na Lei 5/2011, do 30 de



setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas e, no seu defecto, polo previsto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo do Consello de 26 de febreiro de 2014, segundo o establecido no artigo 6.1 da citada lei.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento. As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo

Novena.- Rexistro de Convenios e transparencia

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e demais especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Así, en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio, na data indicada na sinatura electrónica.

Polo Servizo Galego de Saúde

Polo Consorcio Oncolóxico de Galicia

Julio García Comesaña

Luis Verde Remeseiro

